

# As «Cousas» de Castelao atopan un novo público en castelán no século XXI

Asteroide publica o libro na tradución de Domingo Villar e Luis Solano

X. F. REDACCIÓN / LA VOZ

«Estos textos, pese a levar décadas escritos, son de una actualidade enorme». Domingo Villar refírese deste xeito a *Cousas*, un dos grandes clásicos de Castelao que vén de traducir ao castelán a catro mans con Luis Solano, responsable de Libros del Asteroide, o selo que publica esta nova versión. «Castelao le habla directamente al lector de hoy», confirma Solano, quen presentou onte o volume, baixo o título de *Cosas*, que marca a incorporación do escritor e referente galeguista ao seu catálogo. «Para mí había una razón personal, porque nací en Santiago, me críe en Vigo y leí *Cousas* siendo estudiante», engadiu o editor, quen releu estas historias a pasada primavera e ficou abraído pola súa modernidade. Unha visión que ratificou o académico e investigador Henrique Monteagudo, quen se sumou á presentación telemática do libro. «Castelao hizo un gran esfuerzo por paliar el déficit de prosa que había en gallego y conseguir una lengua literaria, que fue reconocida como clásica ya desde el primer momento».

*Cousas* amosa claramente os trazos que subliñaron Villar, Solano e Monteagudo na presentación. «Castelao era médico, aunque ejerció poco. Pero los buenos médicos tienen las tres hachas: humor, humanidad y humildad», describiu Villar. Para Monteagudo, a prosa de *Cousas* bebe



## Migueliño.

Unha das cousas de Castelao está protagonizada por Migueliño, un rapaz que acude ao porto a recibir ao pai, un emigrante que volve de América. É tamén a imaxe que loce a capa da edición de Libros del Asteroide, que inclúe as ilustracións orixinais de Castelao, que, segundo Domingo Villar, contribúen a «expandir y ensanchar» as historias que relatan as palabras. CASTELAO

do galego popular para acadar unha lingua literaria chea de ironía, gusto e finura, cun «lirismo que lo embebe todo». Igualmente, Luis Solano apuntou a única combinación de lingua popular con cultismos, así como unha mi-

rada moderna, «piadosa hacia sus personajes, en la que no hay nada impostado», ademais de chamar a atención sobre a relación íntima entre pintura e escritura en Castelao, que comparou á de Ramón Gaya. Pola súa banda,

Henrique Monteagudo definiu o libro cos trazos de orixinalidade e radicalidade, ao escribir sobre uns personaxes —e a súa lingua— que a sociedade despreza.

## O reto da tradución

Unha singularidade, a de *Cousas*, que os tradutores asumiron como un reto —Domingo Villar fixo referencia á responsabilidade de enfrontarse a unha «figura totémica»—, no que o respecto á cadencia e á musicalidade da prosa foi esencial. Villar e Solano repartiron a tarefa de traducir os textos breves, que logo analizaban e discutían polo miúdo na procura de solucións nas que ambos concordasen. Cando «empataban», como así dixeron, apelaban ao criterio da responsable da revisión do libro, a escritora e filóloga Dores Tembrás. Solano lembrou onte que houbo achados e cesións; entre as segundas, a expresión «os da outra banda» para referirse aos veciños da outra beira da ría, que na tradución quedou en castelán como «ribera».

Deste xeito, a edición de Asteroide redescubre *Cousas* para unha nova xeración lectora, a dun novo século, xa que a anterior tradución era de 1967, un volume conxunto de *Cosas* e *Los dos de siempre*, en versión de Alberto Míguez. Solano non confirmou se publicará máis títulos de Castelao, pero si que haberá máis literatura galega no seu catálogo.

# Traducen ao inglés unha antoloxía poética de Luz Pozo, «Unha camelia»

M. GARCÍA  
SANTIAGO / LA VOZ

*Unha camelia / One camellia blossom* é o título da primeira antoloxía poética de Luz Pozo Garza traducida ao inglés. A publicación editada por Small Satations Press co apoio da Xunta está formada por seis poemas así como o *Cuestionario Proust*, que a autora luguesa respondera no ano 2010, fixando nel os principais trazos e gustos da súa personalidade. O libro está ilustrado pola artista Sara Lamas.

O xermolo desta publicación está na tradución dos poemas por parte da lingüista romanesa Adina Iona Vladu, que explica que tomou como referencia unha pequena antoloxía que xa fixera o tamén escritor Claudio Rodríguez Fer. «Tratábase uns

poemas que Luz Pozo dedicara a Carmen Blanco e a el. Empecé a traducilos pola súa beleza e ver como resoaba a poesía de Luz, porque hai algúns temas que son universais», destacou Adina Iona Vladu, que incidiu especialmente na conexión entre mulleres que se fai, partindo de Li Yian, pasando por Rosalía e ata a propia Carmen Blanco, estudosa e crítica da poesía de Luz Pozo.

## Canto á sororidade

A raíz desa tradución que fixera Adina Iona Vladu, que traballa no Instituto da Lingua Galega e formou parte do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, xurdiu a idea de publicar os textos nunha edición bilingüe en galego e inglés dos seis poemas, que son un canto á sororidade, unha exaltación do amor e

unha oda a Galicia e á súa lingua. Cal foi a maior dificultade á hora de traducir a poesía de Luz Pozo? «Foi o proceso de negociación co texto, no que me axudou moito un bo coñecedor da obra de Luz Pozo, como é Claudio Rodríguez Fer, que tamén me aclarou moitos dos significados. Foi unha tradución pasada pola miña propia sensibilidade, un diálogo coa voz de Luz e a lingua e literatura inglesa», respondeu a tradutora, que presentou onte a antoloxía no pazo de San Roque de Santiago xunto ao secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; o fillo da autora, Gonzalo Vázquez Pozo; o crítico literario Armando Requeixo e o editor Jonathan Dunne, que asistiu telematicamente e tamén participou na tradución.

García agradeceu o traballo á



Luz Pozo Garza. ÁNGEL MANSO

tradutora e destacou que sempre é unha alegría ver como obras literarias escritas en galego espertan interese máis alá de Galicia e son difundidas polo mundo diante mediante traducións e en edicións bilingües. Ademais, amosouse convencido de que a poesía de Luz Pozo recollida na publicación vai espertar o interese dos lectores pola literatura e a lingua galegas.

## POESÍA

### El mexicano Orlando Mondragón gana el premio Loewe

El libro *Cuadernos de patología humana*, del mexicano Orlando Mondragón, de 28 años, ha ganado el XXXIV Premio Internacional de Poesía Fundación Loewe, según el fallo unánime del jurado, que ha destacado la belleza poética que contiene esta especie de «diario médico» que es la obra y su tratamiento del dolor y la muerte. EFE

## POP-ROCK

### El Canto del Loco no vuelve, solo era una operación de marketing

El Canto del Loco no vuelve. Lo aclaró ayer Dani Martín. El vídeo que publicó el domingo con la insinuación del posible regreso de la banda era solo una operación de marketing para vender su nuevo trabajo, *No, no vuelve*. El cantante ha grabado diez temas de su antiguo y exitoso grupo de pop-rock, con las que arma un álbum que incorporará además un inédito que hoy mismo lanza como adelanto. LVG



León, con Javier Bardem, protagonista del filme. J. E. EFE

## CINE

### España elige «El buen patrón», de Fernando León, para los Oscar

*El buen patrón*, de Fernando León de Aranoa, se ha impuesto a *Madres paralelas*, de Pedro Almodóvar, y a *Mediterráneo*, de Marcel Barrena, en la carrera para representar a España en la próxima edición de los Oscar. La Academia de Hollywood anunciará el 21 de diciembre la primera selección y el 8 de febrero las cinco finalistas. EFE

## ARTE

### «INGOYA», una muestra interactiva para conocer la obra de Goya

Madrid acoge desde ayer la muestra *INGOYA*, una experiencia inmersiva para adentrarse en las obras del pintor en la que se mezcla contenido audiovisual con música de Albéniz, Falla, Granados o Boccherini y que coincide con el 275 aniversario del nacimiento de Francisco de Goya. La exposición cuenta con 40 proyectores láser que permiten apreciar unos 200 cuadros y grabados. EFE